

# Equipo de Dinamización da Lingua Galega

## SALESIANOS-OURENSE

### **Sección Sétima: Coordinador de Dinamización da Lingua Galega**

#### **Art. 116. - Identidade**

1. É o profesor encargado de animar, en coordinación cos Xefes de Estudos, as actividades e intervencións educativas orientadas ao uso e promoción do idioma galego no Centro.
2. É asesorado e apoiado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG)

#### **Art. 117. - Funcións**

- a) Convocar e moderar as reunións do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG)
- b) Coordinar o traballo do EDLG na elaboración do Plan de Normalización (PNL), e no Proxecto Lingüístico de Centro (PLC).
- c) Velar para que se cumpran as orientacións e normas sobre o uso do idioma galego no Centro.
- d) Elaborar os oportunos informes sobre as necesidades do Equipo para a confección do presuposto anual do Centro.
- e) Facer un seguimento asiduo de convocatorias e concursos orientados á promoción e difusión do idioma galego.
- f) Elaborar as solicitudes e preparar a documentación que proceda para a obtención e xustificación de subvencións.
- g) Elaborar a memoria do EDLG.

#### **Art. 118. - Nomeamento e cesamento**

O Coordinador de Dinamización da Lingua Galega é nomeado e cesado polo Director de entre o profesorado do centro con sensibilidade ao idioma e cultura galegos, por proposta do Xefe de Estudos e oído o parecer dos membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG).

### **Sección Sétima: Equipo de de Dinamización da Lingua Galega**

#### **Art. 138. - Identidade**

É o equipo que dentro do Centro promove e coordina a elaboración e posta en práctica dun plan xeral para o uso do idioma galego e a docencia neste idioma, en aplicación da lexislación vixente.

#### **Art. 139. - Composición**

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega está integrado, como mínimo, polos seguintes membros:

- a) Un Coordinador nomeado polo Director
- b) Un representante do profesorado de cada sección (EI, cada ciclo de EP e ESO, e Bacharelato).
- c) Dous representantes do alumnado con sensibilidade ao idioma e cultura galegos.
- d) Un representante do persoal non docente.
- e) Un representante das familias de alumnos, con sensibilidade ao idioma e cultura galegos, a poder ser da Xunta do ANPA.

#### **Art. 140. - Funcións**

Son funcións do EDLG:

- a) Presentar propostas ao Equipo Directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística, así como o plan xeral para o uso do idioma galego e o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega,

- cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc., no ensino, dentro do marco da lexislación vixente.
- b) Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
  - c) Proporcionar aos membros da Comunidade Educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos, concursos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.
  - d) Colaborar ca Coordinador na elaboración da Memoria anual do Plan de Normalización e do Proxecto Lingüístico.
  - e) Animar aos membros da Comunidade Educativa a participar nas actividades propostas polo EDLG.
  - f) Sensibilizar á comunidade educativa no uso do galego a través das actividades propostas dende o propio EDLG.

*COLEXIO "MARÍA AUXILIADORA" - OURENSE  
 REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR*

<b>EDLG – CPR Plurilingüe Maria Auxiliadora - OURENSE - CURSO 2023-2024</b>				
Coordinador	Xulio César Iglesias			
Profesorado	Bacharelato	M <sup>a</sup> José Cabaleiro		
	ESO	Bibiana Martínez		
	E. Primaria	1 <sup>º</sup> ciclo	Isabel Seoane	
		2 <sup>º</sup> ciclo	Manuel Pérez	
		3 <sup>º</sup> ciclo	Yolanda Diéguez	
E. Infantil	Mónica Souto			
P.A.S.	Cristina Sánchez			
Alumnado	Vogais de normalización, un/unha por aula (ESO-Bac.= 16)			
ANPA				

## Normativa galega

Artigo 15º.-Equipos de dinamización da lingua galega.

1. Para potenciar o uso da lingua galega nos centros sostidos con fondos públicos, constituirase un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador(a), por profesorado, por representantes do alumnado (agás no ensino infantil e primario) e por persoal non docente.
2. A composición do equipo de dinamización da lingua galega para cada tipo de centro, as súas competencias, e o nomeamento, cesamento e competencias do seu coordinador serán establecidas nos regulamentos orgánicos dos centros educativos. Na constitución destes órganos tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes.
3. Os equipos de dinamización da lingua galega terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos, contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.
4. A consellería competente en materia de educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, coordinará o labor dos equipos de dinamización da lingua galega e divulgará as experiencias positivas desenvolvidas nos centros educativos.
5. Con esa finalidade coordinadora, constituiranse comisións en cada xefatura territorial de educación. A súa composición e funcións específicas serán determinadas pola consellería competente en materia de educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, de acordo coas directrices da política lingüística da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Decreto 79/2010, do 20 de maio,*

*para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*

## Artigo 18. Equipos de normalización e dinamización lingüística

1. Para potenciar o uso da lingua galega nos centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria constituirase un equipo de normalización e dinamización lingüística, que actuará baixo a supervisión da dirección do centro e que estará formado por profesorado, por representantes do alumnado, agás no ensino infantil e primario, e do persoal non docente.
2. Os membros do equipo serán designados pola dirección do centro do seguinte xeito:
  - a) O profesorado, por proposta do claustro de profesores.
  - b) O alumnado, por proposta das súas asociacións máis representativas.
  - c) O persoal non docente, por proposta deste persoal.
3. A composición do equipo de normalización e dinamización lingüística para cada tipo de centro, as súas competencias, e o nomeamento, cesamento e competencias do seu coordinador serán establecidas nos regulamentos orgánicos dos centros educativos. Na constitución destes órganos tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes.

4. Os equipos de normalización e dinamización lingüística deberán ter un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de normalización lingüística nos centros educativos, tal e como se prevé no Plan xeral de normalización da lingua galega.
5. Os equipos de normalización lingüística contarán co apoio técnico necesario e os centros terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
*DECRETO 124/2007, do 28 de xuño,  
polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.*